




***Medidas municipais
de conciliación
de promoción
autonómica***



osbancosdotempo
creando cidadanía

***Lei 2/2007 de 28 de marzo,
do traballo en igualdade das mulleres de Galicia
Decreto 182/2008 do 31 de xullo***



Medidas municipais de conciliación de promoción autonómica (art. 1,2,3 Decreto)



**BANCOS MUNICIPAIS DE TEMPO
(ART. 3.1 Decreto)**

Sistemas de intercambio permanentes de servizos e/ou coñecementos entre as persoas empadroadas nun concello para facilitar a conciliación da súa vida persoal, familiar ou laboral.

**PLANS DE PROGRAMACIÓN
DO TEMPO DA CIDADE
(ART. 3.2 Decreto)**

Medidas elaboradas nun concello ou entidade local para coordinar os horarios da cidade coas esixencias persoais, familiares e laborais da cidadanía.

**PLANS LOCAIS DE
CONCILIACIÓN
(ART. 3.4 Decreto)**

Conxunto de medidas adoptadas por un concello para facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas traballadoras, que deben incluír a constitución dun Banco Municipal de Tempo e un Plan de Programación do Tempo da Cidade, sexa municipal ou supramunicipal.

**OUTRAS MEDIDAS MUNICIPAIS
DE CONCILIACIÓN
(ART. 3.3 Decreto)**

Son outras propostas elaboradas polos concellos co obxectivo de fomentar a corresponsabilidade entre mulleres e homes facilitándolles a conciliación dos seus tempos persoais, familiares e laborais.

Beneficiarios da promoción autonómica das medidas municipais de conciliación. OS CONCELLOS, de xeito individual ou asociados entre eles.

Xestión das medidas: Polos propios concellos, ou a través doutras entidades públicas ou privadas, dependentes ou vinculadas a eles con capacidade técnica ou de xestión suficientes.

(No caso de xestión a través de entidades privadas terán preferencia os concellos que contén coa colaboración de entidades sen ánimo de lucro)

(ART. 5 Decreto)

**SISTEMAS DE
PROMOCIÓN
AUTONÓMICA**
(ART. 6 Decreto)

Axudas

**Subvencións a Bancos
de Tempo**

Para:

- Contratación de persoal xestor
- Adquisición e mantemento de activos mobiliarios
- Coordinación e cooperación

Contratación de persoal para facilitar descanso de 2 días ao mes a persoas coidadoras de dependentes.

**Subvencións aos Plans
de Programación do
Tempo da Cidade**

- Custos sociais de persoal propio
- Compensación persoa responsable do Plan
- Gastos convocatorias Mesa de Concertación
- Fondo de manobra para axudas directas a suxeitos privados que asuman compromisos sobre horarios da cidade.

Subvencións a outras medidas municipais de conciliación.

Contías axudas incrementaranse cando concellos implanten un Plan Local de Conciliación.

A contratación, organización e dirección do persoal farase por conta da entidade local ou entidade dependente ou vinculada.

Asesoramento autonómico para elaboración e aplicación de medidas municipais de conciliación

VALIDACIÓN, SEGUIMIENTO E CONTROL DAS MEDIDAS MUNICIPAIS DE CONCILIACIÓN

Competencia da **Unidade Administrativa de Igualdade** (C^a de Traballo) en coordinación co departamento autonómico competente en materia de igualdade (Vicepresidencia de Igualdade e Benestar Social). **(ART. 7 Decreto)**

Equipo de coordinación técnica

(ART. 7.2 Decreto)

Constituído por:

- Xefa da Unidade Administrativa de Igualdade
- Persoa de igual rango en quen delegue o titular do departamento autonómico competente en materia de igualdade.

Reunións periódicas, mínimo unha vez cada 2 meses.

Poderán acudir á reunión unha ou varias persoas expertas en conciliación, a petición de calquera das dúas persoas membros.

Solicitud de validación

(ART. 8 Decreto)

Mediante escrito dirixido á Secretaría Xeral da C^a de Traballo, por parte da persoa titular ou representante legal da entidade da que dependa a medida de conciliación.

Documentación: (ART. 9 Decreto)

- Declaración da existencia de mobiliario, equipo telefónico, fax e equipo informático con conexión a Internet.
- Declaración da dispoñibilidade de locais adecuados para a realización de actividades, encontros, etc.
- Proxecto-memoria explicativa da medida.
- Relación detallada do persoal, con dedicación horaria, funcións e persoa responsable da medida.

Tramitación e resolución da solicitude

(ART. 10 Decreto)

- Tramitación pola **Unidade Administrativa da Igualdade** (C^a de Traballo).

Darase traslado do expediente á persoa do departamento autonómico de igualdade integrante do Equipo de coordinación Técnica. Esta poderá solicitar de xeito vinculante reunión do Equipo de Coordinación Técnica e o asesoramento de persoas expertas en conciliación.

- Resolución motivada da persoa titular da Secretaría Xeral da C^a de Traballo.
- Prazo de resolución: 6 meses dende a entrada da solicitude. Silencio positivo.

A obtención da validación dá dereito á entidade da que dependa a medida municipal a participar nas convocatorias de axudas, condicionándose ás ordes de convocatoria e normativa de subvencións.

Catálogo - Relación administrativa de medidas municipais de conciliación de promoción autonómica (ART. 7.3 ,.4 Decreto)

Xestionada pola **Unidade Administrativa de Igualdade** (C^a de Traballo).

Obxecto: Difusión e seguimento das medidas validadas.

As inclusións nesta relación poñeranse previamente en coñecemento da persoa do departamento competente en materia de igualdade integrante do Equipo de coordinación técnica.

A anotación na relación farase de oficio unha vez concedida a validación.

Seguimento das medidas municipais de conciliación (ART. 13 Decreto)

Corresponde á **Unidade Administrativa de Igualdade (C^a de Traballo)** unha vez validadas e incluídas na relación.

O concello titular terá obriga de:

- Remitir a esta Unidade unha memoria anual de actividades.

- Facilitarlle os datos referidos á medida que esta Unidade lle solicite en calquera momento.

-Facilitar a realización de visitas ás actividades desenvolvidas por parte do persoal desa Unidade.

Extinción da validación (ART. 12 Decreto)

Por:

- Solicitud da entidade titular.

- Perda das condicións e requisitos esixidos.

Mediante resolución da Secretaría Xeral da C^a de Traballo

a proposta da Unidade Administrativa de Igualdade,

co coñecemento do Equipo de coordinación técnica,

previo trámite de audiencia.

Esgotada a vía administrativa cancelárase de oficio a inclusión na relación administrativa de medidas municipais de conciliación.

REQUISITOS PARA A IMPLANTACIÓN DAS MEDIDAS MUNICIPAIS DE CONCILIACIÓN DE PROMOCIÓN AUTONÓMICA (ART. 14 Decreto)

- Designación ou contratación do persoal de xestión das medidas a adoptar.
- Identificación do equipo xestor/organizador.
- Estudo das características do barrio, municipio ou mancomunidade (servizos cos que conta, demandas que se esperan, tecido asociativo da zona, ...).
- Compromiso de dispor dun local coa dotación necesaria e os medios adecuados.
- Orzamento e compromiso de financiamento dos gastos necesarios.
- Se é o caso compromiso de colaboración e cooperación por parte de asociacións, empresas ou entidades.
- Relación de actividades a desenvolver.
- Memoria de necesidades e proposta de medios que destinará o concello/concellos solicitantes.
- Identificación forma de contratación se as medidas as van levar a cabo persoas externas ao concello.

**FUNCIÓN
DAS PERSOAS
RESPONSABLES DOS
BANCOS DE TEMPO
(ART. 15.1 Decreto)**

Elaboración e xestión dunha base de datos cos datos das persoas asociadas rexistrando toda a información para realizar os intercambios (enderezo, tempos dispoñibles, actividade demandada e ofertada), así como o control dos tempos intercambiados.

Os servizos ofertados/demandados serán entre outros:

- Realización de tarefas relacionadas co manexo de novas tecnoloxías.
- Axudas coas tarefas escolares.
- Realización de tarefas domésticas, subministro doméstico ou reparacións domésticas.
- Realización de xestións administrativas.
- Acompañar en actividades do tempo de lecer.

Elaboración dos documentos precisos para o funcionamento do Banco Municipal de Tempo

- Estudo sobre a forma xurídica máis axeitada para a prestación dos servizos propios do Banco.
- Carta de adhesión ou documento que asinan as persoas que se comprometen a participar no Banco.
- Catálogo dos servizos cos que se conta.
- Boletín de servizos que se ofrecen con carácter periódico.
- Talonarios de tempo para computar o tempo disfrutado e aportado.

**FUNCIÓN
DAS PERSOAS
RESPONSABLES
DOS PLANS DE
PROGRAMACIÓN DO
TEMPO DA CIDADE
(ART. 15.2 Decreto)**

- Establecer mecanismos para coordinar os horarios da cidade (apertura e peche de oficinas públicas, comercios e servizos públicos e privados con atención ao público, incluíndo actividades culturais, bibliotecas, espectáculos e transportes) coas esixencias persoais, familiares e laborais da cidadanía.
- Constituír a Mesa de Concertación do plan de programación do tempo da cidade.
Nesta Mesa de Concertación participarán como mínimo:
 - As AA.PP. , asociacións de mulleres, asociacións de consumidores-as e usuarios-as, asociacións empresariais, asociacións de profesionais da agricultura, do artesanado ou do comercio con implantación no ámbito territorial do plan.
 - Os sindicatos e asociacións empresariais máis representativos no ámbito autonómico.
 - Asociacións de nais e pais de alumnado dos centros educativos do concello/concellos implicados.
 - Asociacións veciñais dos concellos implicados.
- Convocar como mínimo unha vez ao ano ou cando sexa necesario a Mesa de Concertación.
- Comunicar ás entidades participantes na Mesa de Concertación os criterios de paridade esixibles para a participación na mesma.
- Recoller e avaliar as propostas dos membros da Mesa de Concertación.
- Vixiar o cumprimento dos compromisos sobre horarios da cidade.
- Dar conta anualmente das xestións realizadas ante o Pleno do Concello.

**ASESORAMIENTO
AUTONÓMICO PARA
A ELABORACIÓN
E APLICACIÓN DE
MEDIDAS MUNICIPAIS
DE CONCILIACIÓN
(ART. 16 Decreto)**

O asesoramento será total, permanente, gratuito, urgente (no prazo máis breve posible, en todo caso, nun mes dende a solicitude) e motivado.

Solicitude do asesoramento

A través de calquera medio de comunicación utilizado na xestión administrativa que deixe constancia de ter realizado a solicitude. Dirixirase á **Unidade Administrativa de Igualdade (C^a de Traballo)**.

Xestión do asesoramento

A **Unidade Administrativa de Igualdade** daralle trámite á solicitude, convocará o Equipo de Coordinación Técnica, podéndose requirir a prestación do asesoramento á Comisión de Persoas Expertas en Conciliación.
O asesoramento será emitido pola persoa titular da Secretaría Xeral da C^a de Traballo.
De non ser complexo poderá emitirse verbalmente no momento, aínda que posteriormente se documente por escrito.

**Compilación e publicación
de asesoramentos prestados**

Corresponde á **Unidade Administrativa de Igualdade**.
Á compilación terán acceso as persoas con interese lexítimo e os Concellos de Galicia.
Publicarase un resumo na páxina web da Unidade Administrativa de Igualdade.

**PERSOAS EXPERTAS EN
CONCILIACIÓN**
(ART. 20, 21, 22 e 23 Decreto)

Para o asesoramento creárase unha lista de profesionais de recoñecido prestixio nos respectivos campos de coñecemento en materia de igualdade (socioloxía, economía, dereito, igualdade de oportunidades, comunicación social,...) (ART. 21 Decreto)

A lista será elaborada por consenso entre os departamentos de Traballo e Igualdade e os axentes sociais. (ART. 22 Decreto)

A inclusión na lista durará mentres se manteña no cargo a persoa titular da Cª de Traballo.

As persoas membros exercerán as súas funcións de xeito independente. (ART. 22 Decreto)

Os asesoramentos prestados consideraranse prestación de servizos suxeita ás normas da Lei de Contratos do Sector Público.

O asesoramento será preceptivo pero non vinculante cando se trate de avaliar un Banco Municipal de tempo, un Plan de Programación do Tempo da Cidade ou a implantación dun Plan Local de Conciliación. (ART. 23 Decreto)

Poderáselles encomendar a elaboración dun modelo de Plan Local de Conciliación, facilitándolle así a súa elaboración aos Concellos.

Para más información

Unidade Administrativa de Igualdade
Secretaría Xeral

Consellería de Traballo

<http://traballo.xunta.es/>

Correo electrónico: unidade.igualdade.traballo@xunta.es

Teléfonos:

881 997380 · 881 997381 · 881 997387 · 881 997256

D.L.: C 3962-2008